

Modificacións da P. D. da materia de FUNDAMENTOS DE PEDAGOXÍA

Curso 2019/20

Seguindo o indicado no *R.D. 463/2020*, na *Orde EFP/365/2020* e nas *Instrucións do 27 de abril de 2020*, da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20*, nos *centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, o **CMUS Profesional de Santiago de Compostela** establece as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de FUNDAMENTOS DE PEDAGOXÍA para o curso 2019-20:

I. CURSO 6º DE GRAO PROFESIONAL

▪ MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Adáptase o grao de esixencia de cada un deles en función do indicado no apartado seguinte (mínimos esixibles).

▪ MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia serán os correspondentes ao 2º trimestre do curso.

- Apreciar o currículo como fundamento organizativo do sistema educativo.
- Coñecer os elementos e fontes do currículo, ademais do seu proceso de concreción a través da lexislación actual.
- Diseñar un proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Coñecer as fases do desenvolvemento evolutivo.
- Coñecer as metodoloxías máis relevantes no eido do ensino da música: Dalcroze, Willems, Orff e Kodaly.

- **MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

Non sofren modificacións mais alá da adaptación e uso de novas ferramentas necesarias para o desenvolvemento dos procedementos de maneira non presencial. Neste sentido as ferramentas para a avaliación do 3º trimestre serán as mesmas que as utilizadas neste período docente con cada alumno ou alumna, en todo caso: correo electrónico, CentrosNet , videochamada e/ou aula virtual.

- **MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE**

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua.

A proba indicada na P.D. realizarase preferentemente por videochamada, na convocatoria de dita proba indicárase a ferramenta utilizada. As modificacións dos criterios de avaliación e dos mínimos esixibles indicados anteriormente tamén afectan a este proba.